

## **BASES IX Concurso Composición VARELA SILVARI**

Curso 2022/23

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela convoca o IX Concurso de Composición Varela Silviri.

### **QUÉN PODE PARTICIPAR**

O concurso vai dirixido ao alumnado da comunidade educativa musical galega.

Para participar no concurso deberá ter nado en Galicia, ser fillo de galegos ou ter residencia en Galicia.

### **REQUISITOS DAS OBRAS**

1. As obras deberán ser orixinais, inéditas e nunca antes interpretadas en público, nin premiadas noutro concurso.

2. As obras deberán estar escritas para algunha das agrupacións do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela que se detallan a continuación:

- **Agrupacións conxunto (1º e 2º GP)**
  - Ensemble de óboes e fagots, 5 voces (2 óboes, 1 corno inglés, 2 fagots)
  - Conxunto frautas
- **Banda Sinfónica (4º a 6º GP)**
  - Clarinetes (1 clarinete baixo), saxofóns (1 barítono), frautas (fautín), óboes (1 corno inglés), 1 fagot, 4 trompetas, 4 trompas, 3 trombóns, 1 bombardino, 1 tuba, 4 percusionistas.
- **Orquestra Sinfónica (3º a 6º GP)**
  - Corda, madeiras a 2, 2 trompas, 2 trompetas, 1 percusión
- **Agrupacións camerísticas (5º a 6º GP)**
  - Quinteto vento metal (2 trompetas, 1 trompa, 1 trombón e 1 tuba)
  - Quinteto vento madeira (1 frauta, 1 óboe, 1 clarinete, 1 trompa e 1 fagot)

3. A duración das obras será **inferior a 15 minutos** aproximadamente, e **a dificultade das pezas non deberá superar as habilidades técnicas e interpretativas esixibles ao alumnado da agrupación.**

4. Non se admitirán obras orquestrais ou de banda con músicos solistas.

5. Admitirase a introdución de medios electrónicos sempre que os achegue o propio compositor/a.

6. Presentarase en **FORMATO DIXITAL e unha copia en PDF DA PARTITURA**, nesta copia deben estar tanto o **GUIÓN** (partitura xeral) como as **PARTES INSTRUMENTAIS** correspondentes, sendo moi recomendado a entrega dun **ARQUIVO EN AUDIO**.

7. As partituras presentaranse cun **pseudónimo**. Xunto coas partituras **incluírase nun SOBRE PECHADO unha folla cos datos persoais e de contacto do compositor** ademais dun breve currículo. No caso de concursar con **máis dunha obra**, deberánse presentar en **sobres distintos** e con **pseudónimos distintos**.

8. Deberase presentar un **documento xustificativo** de ter nado en Galicia, ser fillo de galegos ou ter residencia en Galicia, e estar matriculado nun conservatorio ou escola de música de Galicia.

## **XURADO**

Constituirase un xurado composto por:

Dous profesores do centro propostos polo Departamento de Fundamentos de Composición.

Compositor/a convidado polo Departamento.

O decisión do xurado será inapelable, podendo quedar o premio deserto.

## **PREMIO PARA A COMPOSICIÓN GAÑADORA**

Dotación económica de 200€ en cheque-agasallo a trocar nunha das tendas patrocinadoras.

Estrea da obra nun concerto dos programados dentro da programación xeral de actividades do centro.

Para contribuír á posterior difusión da obra gañadora, o compositor premiado autoriza ao Conservatorio á publicación da gravación do concerto de estrea nos medios de difusión do centro (páxina web, facebook...)

## **PRAZOS DE INTERESE**

**Presentación de obras: ata o 31 de xaneiro de 2023.**

Publicación de obras presentadas: a relación das obras que cumpren todos os requisitos e fosen aceptadas para concursar, será publicada o día 15 de febreiro de 2023 na páxina web do centro.

[www.conservatoriosantiago.gal](http://www.conservatoriosantiago.gal)

**Fallo do xurado: 28 de febreiro de 2023.**

## **SOLICITUDES**

1. As obras presentarase de forma presencial na secretaría do centro, ou por correo postal no seguinte enderezo:

Conservatorio Profesional de Música  
Rúa Monte dos Postes s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

2. As partituras presentarase cun **pseudónimo**. Xunto coas partituras incluírase nun **sobre pechado unha folla cos datos persoais e de contacto do compositor ademais dun breve currículo**. No caso de concursar con máis dunha obra, deberanse presentar en sobres distintos e con pseudónimos distintos.

## **OBSERVACIÓNS**

O gañador comprométese a facer mención expresa do premio obtido nas interpretacións públicas da obra premiada, nas súas gravacións e en calquera outro acto.

As obras presentadas que non fosen premiadas, terán de prazo ata o 15 de xuño de 2023 para poder ser recollidas na administración do centro.